

PLAN DE VOLUNTARIADO AFACHANTADA



Asociación de Familiares de Enfermos de
Alzheimer e Outras Enfermidades
Neurodexenerativas

Rúa do Parque Nº9 Baixo C, 27500;
Chantada, Lugo

Presentación

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas de Chantada (Afachantada), é unha organización de natureza asociativa sen ánimo de lucro, fundada o 21 de novembro de 2004 e cuxa **MISIÓN** é mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, das súas familias e das persoas cuidadoras a través dunha atención integral baseada en programas e servizos prestados por un equipo de profesionais multidisciplinar apoiado polos/as propios/as familiares, cuidadoras e por persoas voluntarias.



Son sobre unhas 80 persoas ás que atendemos de forma directa dende a asociación, ós que hai que sumar ás persoas que participan nos nosos talleres de memoria, que se imparten tamén en varias parroquias. Debido á situación sanitaria e a adopción de medidas para loitar contra o espallamento da Covid-19, os servizos que se viñan realizando en numerosas parroquias do noso entorno rural víronse reducidas. Aínda que todavía se mantén o servizo en algúns concellos rurais como o de Carballedo ou Taboada.

Actualmente, no noso local, contamos cunha serie de servizos específicos para o tratamento integral da enfermidade do Alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas. A Afachantada ofrece servizos profesionais de Psicoloxía, Traballo Social, Terapia Ocupacional, Educación Social, Auxiliar de Enfermería e Cuidadoras.

Marco Legal

A acción voluntaria está regulada nun marco legal moi completo composto por diferentes leis e decretos que garanten os dereitos e deberes de entidades e persoas voluntarias. É importante citar a lexislación sobre voluntariado que hai na actualidade, pois existen diferentes leis e decretos que a regulan.

LEXISLACIÓN ESTATAL

A máis importante é a Lei 45/ 2015, de 14 de outubro, de Voluntariado. que trata diferentes puntos importante nos seguintes artigos:

- Artigo 3, sobre a concepción de voluntariado como conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas.

- Artigo 5, onde aparecen reflexados os valores, principios e dimensións da acción voluntaria.
- Artigo 6, onde se recollen os ámbitos de actuación do voluntariado.
- Artigo 10, os dereitos das persoas voluntarias.
- Artigo 11, os deberes das persoas voluntarias.

LEXISLACIÓN AUTONÓMICA

A nivel autonómico hai que facer mención a diferentes leis, decretos e ordes, como son:

- Lei de acción voluntaria 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria. Nela aparece reflexados diversos puntos importantes que se teñen que ter en conta:

- o Artigo 4, concepto da acción voluntaria.
- o Artigo 5, principios orientados consonte os principios.
- o Artigo 6, concepto de persoa voluntaria.
- o Artigo 8, deberes das persoas voluntarias.
- o Artigo 10, dereitos das entidades de acción voluntaria.
- o Artigo 11, obrigas das entidades de acción voluntaria.
- o Artigo 13, compromiso de colaboración.
- o Artigo 14, acreditación identificativa.
- o Artigo 16, pólizas de seguro.
- o Artigo 19, dereitos das persoas destinatarias de acción voluntaria.
- o Artigo 20, deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria.

Plan de Voluntariado Afachantada

- DECRETO 97/2017, do 28 de setembro polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación.

- o Artigo 2 definicións de Plan de acción voluntaria e de proxectos de acción voluntaria.

- DECRETO 38/2014, do 20 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Acción voluntaria.
- DECRETO 29/2014, do 6 de marzo, polo que se derroga o Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.

- ORDE do 14 de marzo de 2014 pola que se regula o Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que trata diversos puntos a ter en conta

- o Artigo 6, clasificación das entidades da acción voluntaria.

o Artigo 7, actos suxeitos inscrición na sección de entidades de acción voluntaria no Rexistro.

o Artigo 8, datos que deben constar para a inscrición das entidades de acción voluntaria no Rexistro.

o Artigo 9, procedemento de inscrición das entidades de acción voluntaria no Rexistro.

o Artigo 11, modificacións de datos das entidades de acción voluntaria inscritos no Rexistro.

o Artigo 17, certificación de experiencias voluntarias.

Obxectivos

Obxectivo Xeral

Promover a participación cidadá e o encontro social a través do voluntariado en actividades de animación e dinamización sociocultural, potenciando ademais a autonomía de persoas con Alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas, ó mesmo tempo que se traballa en prol do benestar das familias e da sociedade en xeral, ofrecéndolles diferentes programas e servizos ós que se poden acoller para mellorar a súa calidade de vida.

Obxectivos Específicos

- Coñecer o armazón social, os seus problemas, desigualdades e recursos.
- Coñecer o lugar da acción voluntaria no seu contexto.
- Coñecer a institución ou asociación á que pertence.
- Coñecer os campos e actividades nos que pode ofrecer o seu tempo e a súa persoa.
- Coñecer o colectivo específico no que prestará o seu servizo.
- Adquirir hábitos de participación.
- Posuír instrumentos apropiados de traballo.
- Programar a acción interactuando con outros.
- Participar na organización e programación das actividades da asociación.
- Adquirir hábitos de dinamización e animación da comunidade.
- Posuír unha conciencia crítica da sociedade.
- Profundar nas súas motivacións para a acción voluntaria.
- Madurar o seu sentido de gratuidade e responsabilidade.
- Adquirir un talante de vida alternativo ao que existe na nosa sociedade.
- Reforzar actitudes para a complementariedade cos profesionais da acción social.

Xestión do Voluntariado

Perfil do Voluntariado

En Afachantada pode ser voluntaria calquera persoa maior de 16 anos que queira exercer un labor en beneficio da cidadanía e ademais teña ganas de vivir unha experiencia diferente. Temos as portas abertas a todas as persoas que queiran participar activamente na mellora das condicións e o benestar dos participantes da nosa entidade.

Como xa se mencionou anteriormente, toda persoa maior de 16 anos pode levar a cabo actividades de voluntariado na entidade, mais destacamos as seguintes características como das máis importantes para o desempeño na entidade:

- Ser unha persoa constante e comprometida, con ilusión pola actividade a desenvolver.
- Saber e/ou estar disposta a traballar en equipo, eliminando prexuízos, favorecendo o desenvolvemento persoal e colectivo e facilitando os obxectivos propostos.
- Querer formarse sobre o Alzheimer u sobre outras enfermidades neurodexenerativas para comprender mellor o seu día a día e a súa evolución.
- Coñecer os valores, principios e tarefas que se realizan na asociación.
- Ser unha persoa participativa e con conciencia social.
- Ter unha dispoñibilidade que se poida adaptar ó tempo necesario para cumprir os compromisos de formación, participación, responsabilidade e tarefas.

Vantaxes do Voluntariado

Existen diferentes vantaxes por ser voluntario/a en Afachantada como son as seguintes:

- Posibilidade de participar na sociedade dende o eido social, traballando con persoas con trastornos mentais e outros colectivos.
- Formación gratuíta en habilidades e recursos de tempo libre, relacionada coas súas funcións.
- Creación de vínculo coa comunidade.
- Poñer a proba as túas capacidades para melloralas.
- Mellorar a túa autoestima.
- Converterte nun axente de cambio social.

Captación de Voluntari@s

Para levar a cabo la captación de persoas voluntarias, a nosa asociación utiliza unha serie de medios que temos ó noso alcance para poder poñer en práctica a captación. Algúns destes medios que utilizamos son:

- **Captación boca a boca:** É un dos métodos máis utilizados e un dos que mellor soen funcionar, e que falando cas persoas no noso día a día, conseguimos que moitas persoas se interesen polo noso traballo e queiran colaborar. É certo que a captación directa e persoal leva tempo, pero os resultados alcanzados poden compensar o tempo que require.
- **Folletos e carteis:** Dende a nosa asociación utilizamos material gráfico como apoio e complemento de outras accións. O contido destes carteis e folletos é claro e conciso e solemos utilizalos cando se levan a cabo as asembleas ou outros actos tanto organizados pola asociación como cando nos invitan a participar en eventos ou xornadas organizadas por outras entidades.

- **Redes Sociais (Facebook – Instagram):** As redes sociais, convertíronse nunha ferramenta indispensable para a captación de persoas voluntarias. As plataformas como Instagram ou Facebook, permiten que poidamos chegar a moitísima máis xente nas nosas campañas de captación de voluntari@s.
- **Captación Indirecta:** Charlas, colaboración con outras entidades, asambleas ou a través dos cursos que ofrecemos dende a asociación soen ser outro dos medios máis efectivos á hora de captar persoas voluntarias.

Protocolo de Solicitud de Voluntariado

1º paso – Contacto/Solicitud

Pode solicitar información ben por teléfono chamando á entidade, ou ben achegándose directamente ás nosas oficinas na vila de Chantada onde se lle informará acerca do funcionamento do programa de voluntariado (perfil da persoa voluntaria, vantaxes do voluntariado, tarefas a realizar, etc.). Para realizar a solicitude, debe achegarse ás nosas oficinas de forma presencial.

2º paso – Entrevista

O segundo paso da xestión do voluntariado son as entrevistas, que son de forma presencial e individual, con cita previa en horario de luns a venres de 10:00h a 14:00h. Ás nosas entrevistas son flexibles, para así fomentar un trato próximo e obter a información que precisamos saber como pode ser:

- Tipo de colaboración que pode facer como voluntario/a e poñer en situación ó voluntario/a na entidade.
- Como coñeceu a nosa entidade e motivo polo que quere facer o voluntariado na entidade.
- Expectativas que ten do voluntariado que vai a realizar.
- Realización dalgún voluntariado anterior.
- Disponibilidade horaria.
- Actividades/tarefas que lle gustaría desenvolver.
- Dereitos e deberes que teñen os voluntarios/as.
- Funcións do voluntariado.

Asemade, nesta entrevista entregase a documentación sobre o voluntariado como é:

- Consentimento informado protección de datos.
- Cláusula uso da imaxe.
- Acordo de voluntariado que terá que asinar.

3º paso – Formación

Dende a Afachantada, levamos a cabo unha formación do voluntariado co obxectivo de proporcionar ás persoas voluntarias formación específica, información e orientación sobre

a enfermidade de Alzheimer, outras demencias neurodegenerativas e sobre o funcionamento da entidade.

O temario estará formado polos diferentes puntos:

- Que son as demencias e o Alzheimer.
- Síntomas e fases.
- Como atender a unha persoa con Alzheimer.
- Papel do cuidador.
- Papel do voluntario nunha AFA.
- A importancia do Voluntariado co colectivo de persoas con Alzheimer.
- Labor das Asociacións de Alzheimer.
- Comunicación.

4º paso – Acollida das persoas voluntarias

Unha vez realizada a primeira entrevista, asinada toda a documentación, e realizada a formación no primeiro mes de voluntariado, gardarase a documentación do rexistro no libro de voluntariado, avisarase ó/á secretario/a da entidade para que realice o pago do seguro de voluntariado e incluírase na categoría de correo voluntarios.

Dedicaráselle unha atención especial, e un acompañamento no primeiro día, para coñecer as persoas que forman parte da entidade, tanto traballadores/as como participantes da entidade e amosaráselle os espazos que se utilizan.

É necesario que nos primeiros días realizaráselle un seguimento máis próximo, para que o voluntario sintase acollido e a gusto.

5º paso – Seguimento/Avaliación

A persoa encargada do voluntariado, no primeiro mes manterá unha entrevista personalizada para preguntarlle a sensación que ten sobre o voluntariado que está a realizar.

Ademais, a persoa que coordina o voluntariado, reunirse co equipo de traballo para coñecer como se está levando a cabo ese voluntariado, se necesita algún recurso para a súa execución e se se produciron incidencias.

A persoa encargada do voluntariado terá que ter constantemente os datos do voluntariado actualizados.

Por outro lado para a avaliación do traballo que realizan as persoas voluntarias, usaranse entrevistas persoais, enquisas e reunións para coñecer a opinión, percepción da entidade e o seu nivel de satisfacción coa súa actividade.

Cando finaliza o voluntariado poden producirse dúas cousas: a renovación de acordo de voluntariado ou a desvinculación.

- No caso da renovación, comunicaráselle ó/á secretario/a da Entidade para que volva a realizar o pago do seguro do voluntariado por ese ano.
- En caso de desvinculación, abordarase o motivo polo que existe esa desvinculación. Deixarase constancia no rexistro de voluntariado da entidade.